

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 10 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

## **PUNTO 2.º ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **3. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **3.1. Asuntos económicos e contratación**

##### **3.1.2. Contratación administrativa da execución das obras de remodelación da recepción de visitas e humanización e mellora da accesibilidade e eficiencia enerxética para una sede aberta do Parlamento de Galicia (expte. SRI-PA.STA 10/2022) (2ª ampliación do prazo de execución do contrato e autorización para redacción dun reformado do proxecto da obra).**

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 19 de decembro de 2022 acordou adxudicarlle á empresa CONSVIAL, SL o contrato de obras para a remodelación da recepción de visitas e humanización e mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética para unha sede aberta do Parlamento de Galicia.

O 18 de xaneiro de 2023 foi asinado coa empresa Consvial, SL o contrato administrativo correspondente, cunha duración de 12 meses. A acta de comprobación do replanteo foi asinada o 1 de febreiro de 2023 polo que o remate estaba previsto para o día 31 de xaneiro de 2024.

Por acordo da Mesa da Deputación Permanente do 27 de decembro de 2023 concedéuselle á empresa Consvial, SL unha ampliación do prazo de execución das obras ata o 18 de xuño de 2024.

O 6 de xuño de 2024 a Dirección Facultativa das obras presentou no rexistro do Parlamento (doc. núm. 5390) un escrito no que xustifica a necesidade de redactar un proxecto reformado, sen variación económica, que recolla unha serie de incidencias que implican introducir novas partidas de obra non contempladas no proxecto, coa correspondente dotación económica, e dar de baixa partidas de obra que se considera oportuno non executar e para o que solicita a autorización do Órgano de Contratación. A solicitude conta coa conformidade da empresa adxudicataria Consvial, SL.

Así mesmo a empresa Consvial, SL o día 31 de maio de 2024 presentou escrito no rexistro do Parlamento (doc. núm. 5149) solicitando unha nova ampliación de prazo, ata o día 26 de xullo de 2024, motivada polos cambios aos que se refire a Dirección Facultativa na antedita solicitude e a retrasos na subministración de algúns equipos.

Sabemos que na execución dos contratos o contratista está vinculado por dous principios básicos: por unha parte o principio de risco e ventura (sen prexuízo do establecido no artigo 239 da Lei de Contratos do Sector Público para o contrato de obras) e o principio de vinculación ao contido contractual. Non obstante, o artigo 190 da LCSP sinala que dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, e no que aquí interesa, modificalos por razóns de interese público.

Cando estamos a falar de mudar os termos do contrato adxudicado, e por ende, da potestade de modificación de contratos, debemos acudir, en primeiro lugar ás regras xerais que a LCSP contempla no artigo 203 e seguintes. Do primeiro precepto semella que lle da un tratamento diferenciado á sucesión do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación de prazo de execución posto que teñen unha regulación propia dentro da lei. Concretamente, a ampliación do prazo de execución estipúlase no artigo 195, do que resulta que a concesión de ampliación de prazo de execución é obrigada se está ben xustificada e non é imputable ao contratista.



Por outra parte, no tocante a outras modificacións, entran dentro das prerrogativas da administración, que debe dar audiencia ao contratista e seguir o procedemento do artigo 191, cumprindo coas particularidades 203 a 207, en canto correspondan.

Debe distinguirse entre as modificacións previstas nos PCAP ( que haberán de atender aos termos do indicados no artigo 204) e as non previstas ( caso no que se analizará o cumprimento dos requisitos do artigo 205) e segundo o artigo 207 LCPS deben ser obxecto de formalización ao abeiro do artigo 153 LCSP e publicación (artigo 207 LCSP).

A modificación do contrato solicitada, non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares desta contratación, polo que se estará ao disposto no artigo 205 da LCSP, conforme o procedemento previsto no artigo 242.4.

Á vista das solicitudes achegadas polo arquitecto director das obras e polo contratista, o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior realizou as seguintes consideracións no informe asinado o 07/06/2024 para avaliar a concorrencia dos requisitos estipulados legalmente tanto para autorizar a redacción do proxecto reformado como para a ampliar o prazo de execución da obra, respectivamente:

<<1.- Os cambios non acabados de cuberta e marquesinas que se propoñen considéranse oportunos e necesarios por entender que mellora e dignifica o aspecto da cuberta, moi visible desde o vestíbulo superior de acceso ao edificio. O resto das partidas novas que se incorporarían non son substanciais e responden a melloras de execución, que non sendo imprescindibles, son recomendables.

2.- As barreiras e as cámaras de control previstas no proxecto non son compatibles co novo sistema de vixilancia implantado recentemente no edificio, polo que compre non executalas. A Administración parlamentaria xa incluíu no contrato para a renovación integral do sistema de videovixilancia do recinto unha nova solución para esta zona de accesos.

3.- O retraso na subministración de algúns equipos electromecánicos cun alto grao de singularidades e a execución das novas partidas de obra, xustificadas no escrito presentado pola empresa Consvial, SL, co informe favorable da Dirección Facultativa, tendo en conta que non son imputables ao contratista e que a administración actuou en todo momento coa dilixencia debida e ao estar disposta a empresa a cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo de execución, en virtude do artigo 195.2 da LCSP, xustificaría a ampliación do prazo de execución en 38 días.

En consecuencia, as modificacións que se incluírían no proxecto reformado proposto non alteran a natureza global do contrato e a súa necesidade non se podía prever no momento de licitar as obras. Estas modificacións non suporían ningún incremento económico sobre o orzamento aprobado e, en todo caso, non son substanciais, xa que a súa materialización non implica modificar a natureza do contrato inicial. Xa que logo considérase que a modificación proposta é de interese público e que se cumpren as condicións que establece o artigo 205 apartados b) e c) da LCSP.>>

Por outra parte, a licenza de obras municipal da cobertura á execución da obra ata o 27/05/2025, polo que esta petición de ampliación atópase dentro do dito período.

Respecto da redacción do proxecto reformado, ao autorizarse sen repercusión económica, o aval presentado no seu momento polo contratista non se ve afectado.

Ambas propostas contan cos informes favorables da letrada e da intervención do Parlamento emitidos o 07/06/2024.

Por todo o antedito, a Mesa do Parlamento de Galicia acorda:

1º.- Conceder a ampliación do prazo de execución e fixar como data de finalización de obra o vindeiro 26 de xullo de 2024.

2º.- Autorizar a redacción do proxecto modificado sen repercusión económica, solicitado pola Dirección Facultativa das obras.

Intervención e Asuntos Económicos  
Servizo de Persoal e Réxime Interior



3º.- Comunicarlle este acordo á empresa adxudicataria, á Dirección Facultativa das obras, á Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024

Xosé Antón  
Sarmiento Mendez,  
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón  
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé  
Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial  
Maior,  
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal  
Fecha: 2024.06.11 11:38:02 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado oficial maior



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
**Data asento: 11/06/2024 11:38:40**  
**Nº Rexistro: 1147**  
Data envío: 11/06/2024 11:38:40,699

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 11/06/2024 11:38:02

CSV: REXISTRO-RA07yx6Wm-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

